

## PEZA DO MES

abril

2022



**CONXUNTO DE INCENSARIOS GÓTICOS**



INCENSARIOS, (DE ESQUERDA A DEREITA) CE000549, CE0003846, CE00544-CE00562

### Conxunto de incensarios Góticos

Séculos XV- XVI. Taller anónimo  
Bronce. Medidas (altura en cm): 22; 9; 20; 28,5; 20  
Núm. de inventario: CE000538; CE000544;  
CE000549; CE000562; CE003846. A peza 544,  
soamente consta de pé e braseiriño, e a 562 é  
simplemente o corpo de fumes. Ambas se acoplaron  
para conformar unha soa peza completa.

O incenso é unha resina gomosa obtida de árbores de boswellia da India, África e Arabia. A máis pura era a da India, pois tradicionalmente recollíase directamente da árbore, mentres que a africana, ao ser recollida do chan, contaba cun maior número de impurezas. Conséguese practicando incisións no tronco das árbores, e desta maneira lógrase que flúa unha especie de líquido leitoso que se solidifica ao entrar en contacto co aire. Os tradicionais incensos, co paso do tempo, fóronse falsificando e substituíndo por outras resinas aromáticas de coníferas.

Desde a antigüidade teceuse unha importante rede comercial que xiraba ao redor desta substancia tan cobizada e apetecida. Os exipcios parece ser que xa facían uso do incenso, o que quedou ben

testemuñado no caso dos antigos hebreos nas súas cerimonias relixiosas. Sábese tamén que culturas como a persa ou a babilónica importaban esta resina. Os gregos ofreceron incenso ás súas divindades, e na vida romana xogou un papel destacado en ritos funerarios, festas, culto aos emperadores..., e así, era de esperar tamén a súa introdución no cerimonial litúrxico cristián, cunha profunda carga de simbolismo e purificación. Con tal motivo, fíxose preciso que no mobiliario litúrxico se dispuxese de obxectos específicos destinados a queimalo permitindo a saída dese fume de agradable cheiro que desprende. É coñecido que chegou a queimarse encima de ferros candentes, ou en caixiñas coa tapa furada.

A partir da Idade Media, o incenso toma un gran protagonismo nas cerimonias relixiosas das igrexas cristiás, e para tal fin fabricáronse dúas tipoloxías de turíbulo ben diferenciadas: unha delas con forma totalmente esférica, e a outra co braseiriño circular e cuberta en forma de torre, contando en ambos os casos cun sistema de tres ou catro cadeas prendidas nos aros extremos da caldeireta e da cuberta, ademais da cadea do elevador agarrada noutro aro no extremo superior do corpo calado, e integradas todas

elas no manípulo cunha argola para colgar. A modalidade esférica foi a máis recorrente na época do Románico, a xulgar polos paralelismos que se atopan con representacións deste tipo de obxectos na pintura e escultura da época. Son moi poucos os exemplares que sobreviviron, sendo dignos de mención os custodiados no Museo Nacional de Arte de Cataluña (Barcelona). Moito máis abundantes son os de configuración arquitectónica, dos cales se conservan expoñentes de calidades dispares por toda a xeografía nacional. Esta modalidade asóciase ao mundo Gótico e, de feito, moitos dos incensarios que perduraron responden a cronoloxías bastante tardías, estando na maior parte dos casos datados entre os séculos XV e XVI, como no caso dos modelos obxecto de estudo. Estas pezas adoitan xerar problemas de datación, pois non acostuman levar punzóns, debido a que, ao non estaren fabricadas nun metal nobre, non teñen marcas de artífice e tampouco contan xeralmente con inscrición algunha.

Os turíbulos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense ingresaron na súa colección de forma descoñecida, a excepción dun deles que se debe a unha doazón de D. Ignacio Riestra Calderón no ano 1961 (CE003846).

O material empregado para a súa fabricación acostumaba ser o bronce, como sucede no caso destes exemplares, aínda que en ocasións se botaba man tamén do ferro, cobre, latón, etc. Soamente no caso de modelos moi representativos deberon elaborarse en metais nobres, pois o emprego de metais preciosos nestes obxectos litúrxicos non foi tan determinante como para aqueles que estaban destinados a conter ou estar en contacto coas especies consagradas. A análise da documentación parroquial da diocese auriense constata a existencia deste tipo de pezas na práctica totalidade dos seus templos, certificando que empezaron a labrarse con maior asiduidade en prata desde finais do século XVII, pero especialmente na centuria seguinte, de aí o considerable número de incensarios barrocos que atesouran os templos ourensáns.

Todos estes turíbulos góticos presentan unha estrutura arquitectónica en forma de capela octogonal, de tres corpos con lanterna, de trazaría calada a base de motivos xeométricos (circulares, rectangulares e trevolados). Noutros centros españois, expoñentes máis cultos, realizados en metal nobre, acostuman ir gornecidos de agullas, pináculos, balaústres, torres, etc., que lles confiren un aspecto moito máis suntuoso (son dignos de

mención exemplares como o da parroquia da Asunción de Lora del Río, Sevilla; o corpo de fumes do da catedral de Teruel, posto que o pé é dun deseño posterior; ou varios exemplares que se catalogaron na provincia de Tarragona, como os dous exemplares que se conservan na catedral, o de Sant Pere i Santa María de Savallà del Comtat, Sant Miquel de L'Almóster, Sant Llorenç do Penedés, L'Assumpció de Maspujols, San Joan Baptista de Mora d'Ebre, San Salvador de Rocafort de Queralt, Sant Joan Baptista de Vallverd, Santa María Assumpta de Vallmoll, Sant Martí de Xerta, estes dous últimos con punzón de Barcelona; e moi especialmente pola súa riqueza e exquisita factura o da catedral de Santiago de Bilbao, que reproduce no primeiro corpo do ciborio seis amplas e rechamantes ventás góticas de trazaría). Os incensarios obxecto de estudo, asentados uns sobre un pé poligonal de seis lados, de extremos graduados, cóncavo de transición ao hastil troncocónico, así mesmo, hexagonal. Outros exemplares optaron por bases circulares, aínda que nun dos casos se percibe perfectamente que non é a orixinal, senón un engadido posterior doutro material diferente (CE000549). O incenso colócase nun braseiriño semiesférico que contén os tizóns de carbón, liso nun par de exemplares, e marcado por liñas incisivas que veñen simular cuarteiróns nos outros tres. Deste tipo de pezas realizadas en metal, atópanse paralelismos que gardan gran similitude noutros puntos de Galicia, tal é o caso dos dous que se conservan no Museo Diocesano de Tui, estudados por Manuela Sáez, e que pertencen respectivamente ás parroquias de Currás e Alxén, cunha estrutura practicamente idéntica, salvo lixeiras variacións no pé, as dous do MAPO (CE000562 e CE000549). A repetición de patróns moi similares noutros puntos da Península pon de manifesto a escasa creatividade dos talleres á hora de executar este tipo de obxectos (Santa María de Eldua, Guipúscoa; Santa María de Amurrio, Araba; os dous exemplares da catedral de Tarragona...)

Como complemento ao turíbulo, labrábanse as navetas, obxectos litúrxicos destinados a conter o incenso, que xeralmente se fabricaban do mesmo material e parello estilo.

Os expoñentes góticos de metal común que a día de hoxe se custodian nos templos adoitan estar en desuso, apartados nas sancristías, pois foron substituídos por outros de prata ou, na súa falta, por pezas de metal prateado ou dourado, máis acordes ao gusto contemporáneo, aparentando pezas moito máis ostentosas.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

De martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

Domingo: 9.00 a 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

## Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ángel Domínguez López

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco